

Deputados socialistas instan ao Goberno galego a que declare *Festa de Interese Turístico Galego* os entroidos de Salcedo e Ribeirao

Santín, Docasar e Burgo anuncian que o Grupo Parlamentario do PSOE vén de presentar ante a Mesa do Parlamento sendas Proposicións non de Lei para outorgar dita distinción a estes festexos que cada ao se celebran nos concellos de Pobra de Brollón e Chantada

Esixen á Xunta de Galicia que manifieste a súa postura neste asuntoe, no caso de denegar a súa declaración, piden ao Goberno do PP que aclare as razóns para non facelo

As asociacións veciñais e culturais destes municipios levan seis anos loitando para acadar un recoñecemento da administración autonómica para esta festividade que atrae a numerosos visitantes cada ano e que chegan, incluso, do estranxeiro

POBRA DE BROLLÓN E CHANTADA, 3 DE MARZO DE 2015.-O Grupo Parlamentario Socialista vén de presentar dúas Proposicións non de Lei para instar ao Goberno galego a declarar como *Festa de Interese Turístico Galego* os entroidos de Salcedo, no concello de Pobra de Brollón, e o de Ribeirao, en Chantada. Estas proposicións, asinadas polos deputados do PSOE, Vicente Docasar, Concepción Burgo e Juan Carlos González Santín, xa foron dadas a coñecer aos representantes das asociacións organizadoras, e súmanse a unha serie de preguntas que o grupo socialista presenta ao Goberno de Feijoo para saber qué requisitos deben cumprir os entroidos de Salcedo e Ribeirao para acadar a súa declaración como *Festa de Interese Turístico Galego*.

“Reivindicación histórica”

Con esta iniciativa, os socialistas dan resposta así “a unha reivindicación case que histórica”, pois estes festexos alcanzaron unha alta relevancia como atractivo turístico de Galicia. “Por este motivo, solicitamos o apoio da Cámara, xa que a súa declaración suporá un forte impulso económico para estes concellos e para toda a Zona Sur”, manifestaron.

Seis anos de espera

No caso de Salcedo, a actuación dos deputados do PSOE responde ás queixas dos representantes da asociación de veciños organizadores da festa, que levan seis anos agardando a que a Xunta de Galicia lles diga se poden contar ou non coa distinción oficial de *Festa de Interese Turístico Galego*. Os socialistas teñen constancia que a asociación rexistrara no seu día a documentación pertinente para a súa declaración, así como un estudo pormenorizado no que se abordaba a orixe, o significado do ritual e documentación gráfica sobre o evento, pero non se recibiu resposta ao respecto.

Por outra banda, e logo de manter unha xuntanza coa Asociación de Amigas e Amigos do Entroido de Ribeirao de Santiago de Arriba, constataron que esta agrupación leva varios anos loitando para acadar un recoñecemento institucional para esta ancestral festa. A axuda para o mantemento da tradición ven dada pola Deputación de Lugo (4.000 euros) e o Concello de Chantada (600 euros) pero nada da Xunta de Galicia. Por iso, para os socialistas “é fundamental que o Goberno de Feijoo concrete o proceso e aclare a documentación que teñen que aportar para que o Entroido Ribeirao sexa declarado como *Festa de Interese Turístico Galego*”, insistiron.

Posición da Xunta

Os deputados autonómicos queren que a Xunta de Galicia se manifieste “dunha vez por todas” e aclare qué ten pensado facer coa declaración destes entroidos, de tal xeito que, “no caso de denegar a súa distinción, esixiremos ao Goberno do PP que aclare as razóns para non facelo, xa



NOTA DE PRENSA

que son dous eventos que cada ano atrae a un bo número de participantes que chegan, incluso, do estranxeiro”, concluíron.